



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA, O INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA E A CONSELLERÍA DE SANIDADE DA XUNTA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DAS ESTATÍSTICAS DO MOVEMENTO NATURAL DA POBOACIÓN E DEFUNCIÓNS SEGUNDO A CAUSA DE MORTE

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade, **DECLARA:**

Que a Consellería de Sanidade ven de formalizar co Instituto Nacional de Estadística e co Instituto Galego de Estatística o instrumento convencional referido, o cal estará vixente por un período de catro anos, contados desde a súa inscrición no Rexistro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público, e publicación no Boletín Oficial do Estado. O convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso das partes por un período de igual duración.

Que o instrumento convencional ten por obxecto formalizar a colaboración entre as partes asinantes para a elaboración das Estatísticas do Movemento Natural da Poboación (Defuncións, Matrimonios e Partos) e a Estatística de defuncións segundo a causa de morte, nos termos expresados no seu clausulado.

O Plan Estadístico Nacional 2017-2020 constitúe o principal instrumento ordenador da actividade estatística da Administración Xeral do Estado, e comprende as estatísticas para fins estatais que deben efectuarse no citado cuatrienio polos servizos estatísticos daquela administración ou de calquera outras entidades dependentes dela. O anexo II do devandito plan contén a relación de operacións estatísticas, dentro das cales se atopan a estatística de Defuncións segundo a Causa da Morte (encadrada no sector “saúde”), e o Movemento Natural da Poboación (sector “demografía e poboación”, en diante MNP), ambas na sección 1ª do mesmo. Trátase en ámbolos dous casos de operacións do Plan Estadístico Nacional 2017-2020 e estatísticas para fins estatais cuxa elaboración en todo o territorio nacional é responsabilidade do Instituto Nacional de Estadística. Tamén o Plan Galego de Estatística 2017-2021 recolle que as explotacións do Movemento Natural de Poboación (defuncións, matrimonios e partos) e das Defuncións segundo a Causa da Morte, son estatísticas de interese da Comunidade Autónoma de Galicia.

Así pois, foi esta confluencia de intereses o que levou á formalización, dende o ano 1996, de sucesivos convenios de colaboración entre o INE e o IGE, coa participación da Consellería de





Sanidade, para a realización das estatísticas de MNP e Defuncións segundo a Causa da Morte, sendo o último deles o formalizado no ano 2010. Tanto a Consellería de Sanidade como o INE e o IGE están de acordo en seguir sumando os seus esforzos co fin de permitir establecer as pautas e procedementos que permitan elaborar as estatísticas do MNP (defuncións, matrimonios e partos) e de Defuncións segundo a Causa da Morte, nos termos sinalados no instrumento a formalizar. Os resultados de ámbalas dúas estatísticas serán publicados polo INE na súa páxina web.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase na premisa de que a prestación de saúde pública comprende, entre outros aspectos, a investigación das causas ou determinantes dos problemas de saúde que afectan á poboación a través do establecemento de rexistros e análises de datos que permitan coñecer as situacións que teñen influencia sobre a saúde, de aí a importancia de proceder á integración dos datos necesarios, empregados para a realización daquelas estatísticas, para facilitar as tarefas de planificación e ordenación asistencial por parte das súas unidades.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

